

## CONVOCATORIA DE PRAZAS PARA O PROGRAMA DE TURISMO INTERIOR “ELIXE GALICIA”

A Axencia de Turismo de Galicia convoca prazas para o programa de turismo interior Elixe Galicia de estadias de ocio para a mocidade, familias e maiores, para os anos 2020 e 2021. 12.800 prazas para catro modalidades: Vacacións en zonas costeiras, Rutas de Patrimonio Histórico e Cultural, Rutas de Natureza e Estadias en Balnearios.

### INSCRIPCIÓNS:

Ata o 03/03/2020

Tempada do ano 2021: do 1 ao 30 de setembro de 2020

### REQUISITOS

- Estar empadroado nalgún dos municipios de Galicia cunha antigüidade mínima de dous anos.
- Solicitar praza para destinos distintos a súa provincia de residencia, salvo que non exista oferta nesa provincia.
- Poder valerse por si mesmos para realizar as actividades básicas da vida diaria, coa excepción das persoas con discapacidade nas condicións especificadas para cada colectivo.
- Efectuar o pago do prezo estipulado.
- **Maiores**: Ser pensionista de xubilación do sistema de seguridade social español, ser pensionista de viuvez con 55 ou máis anos de idade, ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestación, subsidios de desemprego con 60 ou máis anos de idade, ser asegurado ou beneficiario do sistema de seguridade social español con 65 ou máis anos de idade, os/as cónxuxes ou no seu caso, parella de feito ou persoa coa que se constitúe unha unión estable e de convivencia, e os/as fillos/as con discapacidade, en grao igual o superior ao 33 %. Do total das prazas destinadas ao colectivo de maiores, reservarase un 10 % para persoas con pensións non contributivas.
- **Mozos/as menores de 30 anos**: As solicitudes poderán ser individuais ou colectivas no caso de que se unan ata 4 solicitudes. Do total das prazas destinarase un 10 % a persoas con discapacidade, en grao igual ou superior ao 33 % que poderán ir acompañadas doutro mozo/a menor de 30 anos que se aloxe na mesma habitación e a atención requirida na estancia poida ser dispensada polo acompañante a cuxo cargo viaxan.
- **Familias con fillos/as menores de idade**: Enténdese por familia, as persoas unidas entre si por matrimonio ou unha relación análoga de afectividade, as persoas que dependan delas por filiación, adopción, tutela, garda, garda de feito ou acollemento permanente ou preadoptivo, e as persoas que estean ao seu cargo, sempre que formen un núcleo estable de convivencia. Os fillos menores entre 0-3 anos non ocuparán praza. Do total das prazas destinadas ao colectivo de familias con fillos/as menores de idade, reservarase un 10 % do total para familias numerosas.

A concesión das prazas no suposto de máis solicitudes que prazas convocadas, terá lugar a través de sorteo. Realizaranse dous sorteos, un para as solicitudes correspondentes o ano 2020 e outro para as solicitudes do ano 2021. As datas, lugar e hora da celebración dos sorteos publicaranse no taboleiro de anuncios da páxina web da Axencia Turismo de Galicia.

Os interesados poden dirixirse aos Servizos Sociais do Concello.